

## I BECA DA AGAMFEC PARA A INVESTIGACIÓN EN ATENCIÓN PRIMARIA

A Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) convoca tres becas para axuda a proxectos de investigación. Nacen coa pretensión de fomentar a investigación en Galicia desde Atención Primaria así como a participación no Congreso SEMFYC 2005 que este ano se celebrará en Santiago de Compostela.

As **bases da convocatoria** son as seguintes:

1. Os temas dos proxectos de investigación terán relación coa Atención Primaria.
2. Os investigadores deberán ser socios da AGAMFEC.
3. O traballo de investigación presentarase no Congreso da SEMFYC de Santiago de Compostela 2005 (data límite de presentación, o 15 de xuño de 2005).
4. A contía das becas será de 1500, 1000 e 500 euros para os proxectos de investigación aceptados en primeiro, segundo e terceiro lugar respectivamente.
5. Os investigadores presentarán unha memoria en galego ou castelán ao Comité Científico, segundo o modelo adxunto, enviando un orixinal en formato papel e una copia en formato word á seguinte dirección:

Congrega  
C/ Rosalía de Castro, 13, 1º  
15004 A Coruña  
correo-e: [secretaria@congrega.es](mailto:secretaria@congrega.es)

6. A data límite para o envío dos proxectos de investigación será o 15 de febreiro de 2005.
7. O fallo do xurado será a finais de febreiro, supeditada a súa concesión á presentación como comunicación oral ou póster no Congreso da SEMFYC 2005.
8. O traballo presentarase, para a súa publicación, a revistas de difusión nacional e internacional
9. Na difusión do traballo farase mención expresa da axuda recibida por parte da AGAMFEC.
10. Non se poderán presentar proxectos que teñan outras fontes de financiación.
11. O Comité Científico será designado pola directiva da AGAMFEC. Os seus membros non poderán participar de ningún xeito nos traballos. A súa decisión será inapelable.
12. As becas poderán ser declaradas desertas.
13. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das bases.

### MODELO DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

- Título
- Investigador de contacto. Enderezo de contacto
- Xustificación da importancia do estudo: antecedentes, situación actual do problema, aplicabilidade dos resultados esperados.
- Obxectivos principal e secundarios
- Material e métodos
- Bibliografía básica comentada
- Presuposto económico
- Consideracións éticas
- Currículo vitae dos investigadores

*Xunta Directiva da AGAMFEC*

*Santiago de Compostela, decembro de 2004.*